



**ILMO CONCELLO DE MARÍN**

MARIA RAMALLO VÁZQUEZ

**FAI SABER**

É a nosa obriga como cidadáns/ás, que Marín teña unha boa presenza e ornato, aínda máis nas instalacións municipais e nesta época tan sinalada que trae a moitos visitantes ós cemiterios municipais de Marín. Con este obxecto a alcaldía do concello, por medio deste Bando sinala as disposicións seguintes para lembrar e establecer unhas pautas de comportamento que toda a veciñanza debemos cumprir e respectar.

**1.- LIMPIEZA E DECORO DAS EDIFICACIÓNS.** As/os propietarios dos panteóns, procederán á limpeza dos terreos, sepulturas e nichos e ó pintado dos panteóns que non se atopen nas debidas condicións estéticas e de armonización co resto dos panteóns do entorno, sempre poñendo en coñecemento das actuación a levar a cabo ó persoal encargado do cemiterio.

**2.-DISPENSA LICENZA DE OBRAS.** Co obxecto de fomentar a limpeza e decoro dos cemiterios municipais, quedarán dispensados da respectiva licenza para este efecto, polo tanto das taxas correspondentes, sempre que estas sexan executadas entre o 1 de outubro e o 1 de novembro.

**3.- HORARIO.** A visita ó recinto poderá realizarse, respectando as normas establecidas ó efecto, durante o horario de apertura habitual, que os días 31 e 1 verase ampliado de 8.00 a 20.00 horas.

**4.- NORMAS DE CONDUCTA.** Dentro dos cemiterios municipais as/os usuarios e visitantes deberán manter en todo momento o respecto axeitado ós demais usuarios/as e visitantes así como ás características do recinto.

A ALCALDESA

María Ramallo Vázquez

Marín, outubro 2015